

PROGRAMA

LA LAMPE AU BEURRE DE YAK

A LÁMPADA DE ACEITE DE IAC

Wei Hu

2013 | 15:00 | Francia, China | FIC | COL

Un mozo fotógrafo itinerante e o seu axudante convidan uns nómades tibetanos a se deixaren fotografar ante diversos escenarios.

SOLECITO

Óscar Ruiz Navia

2013 | 20:00 | Colombia | FIC | COL

Os protagonistas desta curtametraxe coñeceron o director nun proceso de selección que el realizou no seu colexio. Eles contáronlle alí, cada un polo seu lado, a historia da ruptura da súa relación amorosa. O director propónlles que constrúan un reencontro para a ficción e ao mesmo tempo para a vida real.

WIND

VENTO

Robert Löbel

2013 | 03:49 | Alemaña | ANI | COL

Wind é unha curta de animación dedicada á vida cotiá dunha serie de persoas que moran nunha zona ventosa e que parecen expostos sen remedio aos elementos. Porén, estes habitantes aprenderon a afrontar as difíciles condicións nas que lles tocou existir. O vento crea un sistema de vida natural.

BUENOS DÍAS, RESISTENCIA

BO DÍA, RESISTENCIA

Adrián Orr | 2013 | España | 21:24 | DOC | COL

David esperta tres nenos cando aínda é noite. Comezan o día cun obxectivo común: chegaren a tempo á escola.

SER E VOLTAR

Xacio Baño

2014 | 13:43 | España | EXP, DOC | COL

Un mozo (?) cineasta retorna á casa de seus avós para lles facer un vídeo-retrato. Diso trata o cinema, non?

REIZIGERS IN DE NACHT

VIAXEIROS NA NOITE

Ena Sendijarevic

2013 | 09:46 | Países Baixos | FIC | COL



Nunha gasoleira hai unha muller que traballa soa pola noite. No seu mundo entra xente que non coñece e que logo sae, deixándoa na súa burbulliña. Ata que unha noite pasa un descoñecido dunha caste especial.

HEIR TO THE EVANGELICAL REVIVAL

HERDEIRA DO RENACER EVANXÉLICO

Wendy Morris

2013 | 06:56 | Bélxica | ANI | B/W

Este filme refírese á bagaxe histórico-relixiosa. A directora, descendente de hugonotes franceses e misioneiros protestantes ingleses emigrados a Sudáfrica, é atea, apóstata e agnóstica; na súa curtametraxe enfróntase ás reaccións contraditorias que suscita nela esta herdanza evanxélica do pasado.

DARK MIXER

O MESTURADOR OSCURO

Hirotoishi Iwasaki

2014 | 04:55 | Xapón | ANI, EXP | B/W

O tema desta animación é a transmigración. Se esta se define como o paso da morte a outro nacemento, o proceso parécese ao de mesturar varios materiais nun batedor descoñecido (e escuro). Disolver e logo callar!, e unha breve luz poñerase en camiño.

DON'T FEAR DEATH

NON LLE TEMAS Á MORTE

Louis Hudson

2013 | 03:03 | Reino Unido | ANI, FIC | COL

Unha comedia trepidante centrada nun debate sobre os beneficios de estar morto, coa axuda dunha montaxe composta de cadáveres e unha parca toliña polo baile.